

RESOLUCIÓN DO 8 DE OUTUBRO DE 2024, DA DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA POLA QUE SE REGULA A SELECCIÓN DE CENTROS E ALUMNADO MATRICULADO EN CENTROS PÚBLICOS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA CERTIFICAR O SEU NIVEL DE LINGUA PORTUGUESA MEDIANTE A E-CERTIFICACIÓN DE PORTUGUÉS LINGUA ESTRANXEIRA (CAMÕES JÚNIOR) DURANTE O CURSO 2024/2025.

As políticas lingüísticas e de innovación dos distintos países membros da Unión nos últimos anos veñen configurándose grazas as accións e recomendacións da Comisión Europea e do Consello de Europa, ao considerar a competencia en linguas estranxeiras como un recurso económico e social indispensable nunha Europa cultural e lingüisticamente diversa.

En liña con eses propósitos, a nova estratexia de linguas estranxeiras, **EDUlingüe2030**, para o fomento e o desenvolvemento de programas de plurilingüismo da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, cuxos obxectivos estratéxicos son a internacionalización do sistema educativo galego e a mellora do plurilingüismo, contempla, na súa **liña de impacto 6**, o programa intensivo de certificación e acreditación da competencia lingüística en linguas estranxeiras para o alumnado, avanzando así no desenvolvemento e mellora das súas habilidades lingüísticas e apostando por unha educación intercultural, multilingüe e cosmopolita.

Ademais, considerando que o galego é unha lingua que conecta a Comunidade Autónoma Galega coa lusofonía e, de xeito específico, con Portugal, tanto dun punto de vista xeográfico coma económico e cultural, o Parlamento de Galicia aprobou un decreto sobre o uso da lingua portuguesa e os vínculos de Galicia coa lusofonía que foi publicado no Diario Oficial de Galicia o 8 de abril de 2014 a Lei 1/2014, do 14 de marzo, coñecido como "Lei Paz Andrade".

Neste contexto, o 19 de febreiro de 2015 a Xunta de Galicia e o Camões, I.P. asinan un **Memorando de Entendemento** para a adopción do Portugués como Lingua Estranxeira de opción e avaliación curricular no sistema educativo non universitario da Comunidade Autónoma de Galicia.

Avanzando un paso máis nesta dirección, o 24 de xuño de 2024 a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia e o O Camões, Instituto da Cooperaçã e da Língua, I.P. asinan un convenio de colaboración para o impulso da difusión da lingua e cultura portuguesas no ámbito da Comunidade Autónoma Galega, así como para o desenvolvemento e aplicación de procesos de avaliación e certificación electrónica en Portugués



como Lingua Estranxeira, a través da divulgación do exame de *e-Certificación* de Portugués lingua estranxeira (Camões Júnior), para novos estudantes.

O exame de Portugués lingua estranxeira **CAMÕES JÚNIOR** é un exame progresivo, dirixido a un público xuvenil, de 12 a 17 anos, ambos incluídos, en formato de e-Certificación/e-assessment, que certifica as aprendizaxes en Portugués lingua estranxeira realizadas ao longo do ensino secundario, algo que, indudablemente, incrementa o valor do currículo de acceso ao mundo académico ou de entrada no mundo laboral.

De conformidade co anteriormente exposto, e en exercicio das competencias atribuídas polo artigo 22 do decreto 119/2022, de 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,

RESOLVO

Primeiro. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

A presente resolución ten por obxecto regular a xestión da proba de acreditación de competencia lingüística en lingua portuguesa, a través do exame *Camões Junior*, para o alumnado que curse a materia de Portugués lingua estranxeira en centros públicos integrados, institutos de educación secundaria dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional durante o curso 2024/2025.

Poderán participar nesta convocatoria os centros públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional nos que se impartan ensinanzas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato.

Segundo. *Obxectivos e características das probas de acreditación.*

1. O obxectivo principal das probas é acreditar a competencia en Portugués lingua estranxeira do alumnado nos niveis A1, A2, B1 e B2, descritos no Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas do Consello de Europa (en diante, MCERL).
2. O alumnado realizará un exame único, de dificultade progresiva, que determinará o seu desempeño global nas competencias de comprensión oral e de expresión oral (50% da puntuación total), de comprensión escrita e de expresión escrita (50% da puntuación total), expresando o resultado global a través dunha escala 0-100, con liñas de corte fixas, e situando o alumnado no nivel de lingüístico A1, A2, B1 ou B2 do MCERL.
3. As probas realizaranse durante o curso académico 2024/2025. O centro solicitante poderá



manifestar a súa preferencia sobre o trimestre no que desexa realizar as mesmas.

4. A realización das probas de acreditación non suporá ningunha carga económica para o alumnado, as familias ou os centros educativos.

Terceiro. Destinatarios.

1. Os destinatarios desta convocatoria son os centros públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional nos que se impartan ensinanzas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato.

2. As probas están destinadas a alumnado de 2º de bacharelato e alumnado de 4º de ESO que estea a cursar Portugués lingua estranxeira no curso 2024/2025.

Cuarto. Selección do alumnado.

Os centros, a través do profesorado que imparta Portugués lingua estranxeira nos cursos aos que se destina esta convocatoria, serán os encargados de seleccionar o alumnado que desexe acreditar o seu nivel en lingua portuguesa, e cumpra os requisitos establecidos nesta convocatoria, e de facer a correspondente solicitude segundo o estipulado no apartado sexto da presente resolución.

Quinto. Organización e xestión das probas.

1. A **organización e xestión** das probas será **competencia coordinada entre o centro educativo e o Camões, I.P.**, tendo en conta as indicacións da *Guía do Exame Camões Junior*.

2. O alumnado candidato deberá presentar no seu centro a autorización individual de participación no Exame Camões Junior, segundo o modelo do anexo II, asinado pola súa nai e/ou o seu pai, ou polas persoas que exerzan a súa titoría legal. Dita autorización será custodiada no centro, non tendo que ser remitida á Consellería por ningunha vía.

3. As probas do Exame Camões Junior serán realizadas polo Camões, I.P. nas instalacións de cada centro, ou, de ser o caso, noutro centro educativo situado nas proximidades. No caso de que estas non poidan realizarse no propio centro educativo, as familias ou, no seu caso, os centros educativos, encargaranse da organización do traslado do alumnado ao lugar de realización das probas. A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional non asumirá os gastos derivados destes desprazamentos.

4. Unha vez publicada no portal educativo da Consellería a resolución definitiva dos centros seleccionados e o número de prazas autorizadas, o Camões, I.P. solicitaralles unha listaxe onde figure o nome do alumnado candidato, así como o nivel académico no que está matriculado.



5. O Camões, I.P. será o encargado de inscribir o alumnado candidato na plataforma electrónica do Camões Júnior e de crear credenciais individuais de acceso que se facilitarán ao alumnado o día da realización do Exame Camões Júnior.

6. O Camões, I.P., xunto cos centros educativos seleccionados, establecerá o calendario de aplicación das probas.

7. O Camões, I.P. supervisará a calidade das conexións de comunicación por internet entre o servidor que aloxa a plataforma electrónica Camões Junior e os computadores dos centros educativos onde se realicen os exames.

8. O Camões, I.P. comunicará os resultados dos exames aos centros educativos participantes e enviaralles os respectivos certificados nun prazo máximo de seis semanas dende a data de realización das probas.

Sexto. Forma e prazo de presentación de solicitudes.

1. Os centros educativos que desexen participar nesta convocatoria deberán facer a correspondente solicitude completando o formulario electrónico dispoñible na aplicación á que se accede no enlace <https://www.edu.xunta.gal/programaseducativos>, seleccionando **Programas de éxito educativo** na pestana *Programa*, convocatoria 2024/2025, e premendo en **Exame Camões Júnior**.

2. A persoa responsable da dirección do centro, ou persoa autorizada, terá o permiso de creación e presentación da solicitude, na que se fará constar os datos de identificación do centro e da persoa directora así como:

- o **número** de alumnado candidato ás probas;
- o **curso** no que está matriculado o alumnado;
- a **preferencia de trimestre** no que se desexa realizar a proba.

Só será admitido o alumnado de **4º de ESO** e **2º de bacharelato** que estea a cursar Portugués lingua estranxeira no curso 2024/2025.

3. Na solicitude **non** será necesario seleccionar o nivel de idioma que acreditar, tendo en conta que o alumnado realizará un exame único, de dificultade progresiva, que precisará o seu desempeño global nas competencias de comprensión e expresión orais e escritas e determinará o nivel do MCERL acadado polo alumnado: A1, A2, B1 ou B2.



4. Unha vez rematado o proceso de solicitude, xerarase un documento no buzón de informes (Anexo I). Este documento será custodiado no centro educativo, non tendo que ser remitido por ningunha vía.

5. O prazo de presentación de solicitudes será de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte á publicación desta resolución no Portal Educativo <http://www.edu.xunta.gal>.

Sétimo. Criterios de selección dos centros.

Poderán participar na convocatoria todos os centros solicitantes que cumpran cos criterios de participación indicados na presente resolución.

Oitavo. Comisión de valoración.

1. A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional realizará a selección dos centros educativos participantes nesta convocatoria, mediante unha Comisión de valoración que estará presidida pola persoa titular do Servizo de Innovación e Programas Educativos da Dirección xeral de Ordenación e Innovación Educativa, ou persoa en quen delegue, e integrada por tres persoas asesoras da Dirección xeral de Ordenación e Innovación Educativa, unha delas realizará as funcións de secretario/a.

2. A valoración das solicitudes presentadas realizarase considerando que se cumpran os requisitos estipulados nesta convocatoria. Valoradas as solicitudes pola Comisión, esta elaborará unha proposta de resolución provisional que será remitida á Dirección xeral de Ordenación e Innovación Educativa para a súa publicación no Portal Educativo (<http://www.edu.xunta.gal>). Abrirase un prazo de 5 días hábiles, a partir do día seguinte da publicación, para que as persoas interesadas poidan efectuar alegacións contra a mesma ou presentar renuncias ante a persoa que exerza a presidencia da Comisión de valoración.

Noveno. Resolución definitiva.

1. Analizadas e resoltas as reclamacións ou renuncias presentadas contra a resolución provisional, a directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa ditará a resolución definitiva.

2. A dita resolución publicarase no Portal Educativo (<https://www.edu.xunta.gal/portal/>) no prazo máximo de tres meses, contado desde o remate do prazo de solicitude.

3. Contra esta resolución as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente o recurso contencioso administrativo



ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (BOE núm. 167, do 14 de xullo).

4. Se transcorre o prazo máximo que se sinala no parágrafo segundo deste artigo sen que se publique a resolución definitiva, os centros solicitantes poderán entender desestimadas, por silencio administrativo, as súas solicitudes, para os efectos de interpoñer os recursos que proceda.

Décimo. *Xustificación da actividade.*

A memoria cubrirase de acordo co modelo facilitado pola Dirección xeral na que se farán constar os datos relativos ao número de alumnos/as presentados e o número de alumnos/as acreditados, o nivel e a etapa que cursan e o nivel de acreditación acadado (segundo o MCERL).

Décimo primeiro. *Datos de carácter persoal.*

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da carpeta do cidadán.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas e esta circunstancia reflectirase no devandito formulario.

Os datos serán comunicados ás Administracións públicas, organismos e/ou entidades que participan neste plan no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

A fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme ao descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia



ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en [https:// www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais](https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais).

No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos ou a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Disposición derradeira.

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da publicación do seu anuncio no Portal Educativo [https:// www.xunta.gal/portal](https://www.xunta.gal/portal).

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela.

Judith Fernández Novoa

Directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa.



Anexo II

 Solicitud e autorización de participación **EXAME CAMÕES JÚNIOR** Curso 2024/2025

(Custodiarase no centro escolar)

Datos da/o alumna/o solicitante		
Nome e apelidos	DNI / NIE	Data de nacemento
Nome do centro educativo	Está matriculada/o en Portugués lingua estranxeira no curso 2024-2025? <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non	Nivel educativo no curso 2024-2025
C.C.		Curso: (X)
		4º ESO
		2º BACHARELATO
Datos da nai / pai / representante legal		
Nome e apelidos	DNI / NIE	
A solicitude deberá ser asinada por un(ha) das/dos proxenitoras/es ou representantes legais da/o alumna/o. No caso de separación ou divorcio, as dúas/os dous asinarán a solicitude, agás que quen formalice a solicitude teña atribuída a patria potestade con carácter exclusivo mediante resolución xudicial (se o centro non dispón dela, deberá xuntarse coa solicitude para o seu cotexo).		
Datos da nai / pai / representante legal		
Nome e apelidos	DNI / NIE	

SOLICITO E AUTORIZO a participación da miña filla / do meu fillo nas probas do Exame Camões Júnior durante o curso 2024/2025 ao abeiro da *Resolución do 8 de outubro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa pola que se regula a selección de centros e alumnado matriculado en centros públicos de ensino non universitario da Comunidade Autónoma de Galicia para certificar o seu nivel de lingua portuguesa mediante a e-certificación de Portugués lingua estranxeira (Camões Júnior) durante o curso 2024/2025*

Autorizo o tratamento dos datos facilitados neste procedemento conforme ao Regulamento Xeral de Protección de Datos (RXPD) e á Política de Privacidade de Camões, I.P., podendo exercer os dereitos nela recoñecidos perante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería-Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

Asinado en _____, ____ de _____ de _____.

Nai / Pai / Titor/a legal

Nai / Pai / Titor/a legal

Nome e apelidos

Nome e apelidos

